EXERCICIO DE APOIO – UNIDADE 6-

CUESTIÓNS

1. **Cales son as diferentes influencias que en maior ou menor medida deixaron pegadas na obra poética de R. Cabanillas?**
2. **Cita as características presentes na obra de R. Cabanillas e analiza unha delas.**
3. **Que é unha vangarda?**
4. **Cales son os principios fundamentais das vangardas galegas?**
5. **Le o seguinte poema e di a que movemento vangardista galego pertencería e por que?**

A dama que ía no branco cabalo
levaba un pano de seda bordado.
Na verde fror
as letras van de amor!
O cabaleiro do cabelo negro
levaba unha fita colléndolle o pelo
Na verde fror
as letras van de amor!
No meio do río cambiaron as vistas,
el para o pano i ela prá fita.
Na verde fror
as letras van de amor!
As vistas lles viron no río cambiar
e o pano e a fita por se namorar
Na verde fror
as letras van de amor!
Con amor vivirás!

Álvaro Cunqueiro, *Dona do corpo delgado*

6. **Le o seguinte poema e explica a que movemento vangardista pertencería e por que?**

Neve
Baixan as puntas de estrelas
bican as corozas e deixan parches nos traxes
doma a neve no colo do outeiro
telón dun cine crebándose nos ollos
store cubrindo o hourizonte
as cuartillas choven pelotas de tennis
que ó chegar á terra non queren brincar
a neve chama nas portas cos cotovelos
a terra é o despacho dun poeta cuberto de cuartillas que choran
brinca o sol
a luz dá carabiolas
rin os piñeiros ensinando os dentes
os espellos están crebados no chao
o azougue roubou dúas áas e fuxe a cabalo do lombo do arco da vella

Euxenio Montes, en *A Nosa Terra* (1919)

SOLUCIÓNS

1. **Cales son as diferentes influencias que en maior ou menor medida deixaron pegadas na obra poética de R. Cabanillas?**

— A poesía das figuras do Rexurdimento (Rosalía, Pondal e Curros).
— A corrente modernista de ámbito iberoamericano (Rubén Darío...)
— Os poetas románticos europeos (Heine, Bécquer, Baudelaire...).

2. **Cita as características presentes na obra de R. Cabanillas e analiza unha delas.**

— **LIRISMO:** manifestado en diferentes direccións: **social combativo** ou reivindicativo como a loita anticaciquil, ou **intimista** que lembra os románticos e **costumista**.
— **COSTUMISMO**
— **INTIMISMO**
— **SAUDOSISMO**
— **MODERNISMO**
— **CELTISMO:** herdado do bardismo pondaliano. Cabanillas recolle a función bárdica daquel pero son máis as diverxencias que as coincidencias. A súa visión máis histórica é máis ampla. O seu sistema ideolóxico é máis rico e nel o cultismo é pura anécdota. A relixiosidade dista moito do precristianismo de Pondal, e non hai restos do aristocracismo nin de carácter visionario. Aparece *Na noite estrelecida, Camiños no tempo.*

3. **Que é unha vangarda?**

É o termo co que denominamos un movemento de renovación estética que vai revolucionar os aspectos da arte e que se produce nas primeiras décadas do século XX, desde 1910 ata 1930.

4. **Cales son os principios fundamentais das vangardas galegas?**

— **Ruptura** consciente e procurada coa literatura anterior (paisaxística e cívico-social). Os temas que van tratar son intrascendentes desde o punto de vista social.

— **Provocación literaria** de cara á mocidade ao ir «contra o vello» e criticar duramente os tópicos literarios: a literatura paisaxística ao xeito de fotografía, é dicir, a literatura realista.

— **Fuxir da realidade**, **da imitación do real** (propóñense ollar de maneira diferente e polo tanto crear unha «realidade» diferente) e fuxir dos valores consagrados na estética galeguista, entre eles a rima e o ritmo no poema: *Renegamos de toda imitación.*

— **O concepto da Arte pola Arte** ou o triunfo da estética sobre o compromiso: é vergoñento falar da escravitude da Terra...; para o cal van renovar a linguaxe e os recursos estilísticos. Aínda así non é frecuente na vangarda galega o sentido lúdico da arte intranscendente que propugnaban as vangardas europeas.

5. Le o seguinte poema e di a que movemento vangardista galego pertencería e por que?

Poema neotrobadorista da época da posguerra, máis apegado á imitación da cantiga de amigo medieval do que ao **neotrobadorismo** de preguerra.

Presenta estas características: aliteración a/e :«a dama que ía no branco cabalo/levaba un pano de seda bordado». Regularidade métrica: versos dodecasílabos, rima asonante, ritmo moi marcado.

Léxico medieval: pano, fita (tira de tecido longa e estreita que serve para atar, neste contexto o cabelo) e intercambio de pezas entre os namorados.

Temática amorosa ao estilo da cantiga medieval de amigo.

Atención a elementos importantes nas cantigas como é a presenza da auga (o río) e o pelo recollido.

Derivatio. Cabaleiro, cabalo, e escaseza de substantivos con que se constrúe o poema.

A Reiteración e o paralelismo son esenciais no poema.
Refrán de dous versos:« *Na verde fror/ as letras van de amor!*»

6. Le o seguinte poema e explica a que movemento vangardista pertencería e por que?

Poema **hilozoísta** cunha continua personificación de elementos da natureza: a neve, os piñeiros, e moi innovador polas metáforas que emprega para se referir a este fenómeno atmosférico (*baixan as puntas de estrelas, telón dun cine, choven pelotas de tennis*). Ten, asemade, influencias do surrealismo (*a terra é o despacho dun poeta cuberto de cuartillas que choran; os espellos están crebados no chao*), e o do futurismo, no léxico que o poeta utiliza (cine, tennis, store, azougue).

Por outra banda tampouco faltan momentos humorísticos tan propios da vangarda poética (*a luz dá carabiolas, rin os piñeiros ensinando os dentes; o azougue fuxe a cabalo do lombo do arco da vella*) que se asemellan ás imaxes dun cómic. Repárese no verso «*a neve chama nas portas cos cotovelos*», frecuente neste autor e noutros hilozoístas.